

Obradoiro 04

Hortas na cidade dos barrios. Tecer redes entre o urbano e o rural.

San Cristovo das Viñas – Feáns - Mesoiro

<http://www.acidadedodosbarrios.org>
www.describir.com

Introdución

Dentro desta primeira fase da iniciativa A Cidade dos Barrios, impulsada pola delegación da Coruña do COAG e dirixida polo estudio MMASA, o cuarto e último dos obradoiros (segundo coordinado por describir) aborda a realidade urbana, física e social do sector no que se atopan San Cristovo das Viñas, Feáns e Mesoiro. Esta é unha das zonas da Coruña onde o tecido da cidade compacta se interrompe ou dilúe no territorio e entra en contacto coas preexistencias correspondentes ó mundo rural, e sobre as que se prevé se producirán crecementos no futuro.

Xurde así a reflexión sobre que preexistencias do hábitat rural poden ser mantidas, cales deben de ser conservadas, asimiladas ou transformadas en parte, así como que estratexias se deben de xerar para as aproveitar e integrar dende a perspectiva da cidade e vida contemporáneas, evitando así o seu abandono e consecuente deterioro.

Cuestiónanse tamén os mecanismos predominantes de crecemento na cidade actual, que dan lugar ó progresivo borrado e anulación sistemática destas realidades rurais sobre o territorio, e que polo tanto están a ignorar e destruír tódolos valores que estas preexistencias están en condicións de aportar á urbe contemporánea e ós seus habitantes.

Obxectivos

Traballarase nas capacidades de hibridación dos tecidos urbano e rural, dende a análise das oportunidades e carencias de cada un destes dous xeitos de implantación no territorio, co convencemento de que son posibles mecanismos de conexión entre os dous para que a súa integración dea lugar a realidades máis ricas que as resultantes dunha mera xustaposición ou superposición entre ambos.

Buscarase a revalorización desta área da cidade percibíndoa como unha zona de oportunidade. Fronte á súa consideración de “aforas” respecto a un centro tradicional aproveitaranse as súas potencialidades específicas para promover-la xeración dunha realidade urbana policéntrica de maior riqueza que a actual.

Explorarase a xeración de novos xeitos de uso e explotación da cidade e do territorio no que esta se asenta, poñendo en valor zonas na actualidade abandonadas ou sen uso. Promoverase así unha cidadanía activa en relación co uso, coidado e mantemento do medio físico e natural da área.

Estratexias

Empregarase o mecanismo de proxecto e creación dunha área de hortas urbanas na zona como ferramenta de traballo para a ligazón e integración, tanto a nivel físico como social e de uso, entre o urbano e o rural.

Esta actividade e o seus procesos de desenvolvemento asociados permitirannos:

Dende un punto de vista físico:

- Revalorizar uns terreos na actualidade abandonados ou sen uso que serán recuperados para a actividade mediante sistemas de cesión ou arrendamento.
- Promover-la protección ambiental e de conservación de valores ecolóxicos, paisaxísticos e culturais.

- Promove-lo mantemento de espazos libres, e creación dunha rede de camiños peonís e ciclistas asociados que vertebran o territorio.
- A recuperación e integración na cidade de infraestruturas agrarias tradicionais existentes.
- Promover prácticas de agricultura ecolóxica.

Dende un punto de vista social:

- Fomenta-la xestión comunitaria, o asociacionismo e as estratexias participativas.
- Promover a creación dunha estrutura de funcionamento, baixo un modelo cooperativo, que xere unha rede de traballo da que podan formar parte habitantes de calquera área da cidade, tanto das orixinariamente rurais como das plenamente urbanas.
- Posibilitar o desenvolvemento de tarefas educativas e de transmisión de coñecementos entre xeracións.
- Promover prácticas de produción para autoconsumo, de consumo responsable e xeitos de vida e alimentación saudable.

Proceso

Para tentar converter estes desexos en algo tanxible comezaremos testando o interese real sobre a iniciativa que pode existir entre os habitantes da zona de traballo e o resto dos habitantes da cidade. Para isto levaremos a cabo contactos con asociacións, colectivos e tódolos particulares interesados.

Tamén difundiremos e comunicaremo-la iniciativa para chegar ao maior número de xente posible, como paso previo á formalización do proxecto.

Se estás interesada/o en saber ou participar da iniciativa, “hortas na cidade dos barrios” podes poñerte en contacto connosco a través do correo hortasnacidade@gmail.com ou informarte no blog www.hortasnacidade.wordpress.com.

describir

Ángel Rebollo 57 Baixo
15002 A Coruña
tlf / 881 888 259
www.describir.com